# Mellora da transparencia e accesibilidade da información de contratos, convenios e control interno da Administración Local de Galicia

*O Consello de Contas de Galicia, xunto con Tribunal de Cuentas e os restantes órganos de control externo autonómicos veñen de mellorar a información disponible en relación coa información de contratos, convenios e control interno das 359 entidades locais de Galicia, a través do portal conxunto: https://www.rendiciondecuentas.es/es/consultadeentidadesycuentas/*

Este asunto tratouse na Reunión da Comisión de Coordinación do Tribunal de Cuentas (TCu) e os Órganos Autonómicos de Control Externo (OCEX) no ámbito local e na Comisión de Coordinación da Plataforma para a Rendición de Contas celebrada na sede do Parlamento das Illes Balears. En representación do Consello de Contas de Galicia, asistiu o Conselleiro da Área de Corporacións Locais, Simón Rego Vilar.

A través desta mellora da información disponible en relación coas entidades locais de Galicia, poderase consultar non só a información das contas rendidas desde o exercicio 2012, senón a relativa á contratación administrativa, convenios e control interno, e todo elo co obxectivo último de contribuir á transparencia e información pública da xestión das entidades locais de Galicia.

Deste xeito as persoas interesadas poderán acceder con axilidade a todos os contratos e convenios celebrados polas distintas entidades locais de Galicia, agrupados por entidade e a través dunha nova ferramente de búsqueda, así como a información relativa ao cumprimento pola entidade local da obriga de remisión da información sobre o control interno.

Durante a reunión o Consello de Contas de Galicia expuxo o estado de situación do Plan de Traballo da Área de Corporacións Locais do Consello de Contas (https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2024/Plan_Anual_de_Traballo_Consello_de_Contas_2024.pdf), cuxos próximos hitos nesta Área serán a publicación dos «Informes sobre as mancomunidades de Galicia», «II informe único de comunicación da ciudadanía en relación con irregularidades na xestión local» e a «Fiscalización da resposta á crise da Covid-19 polas entidades locais de Galicia. Concellos de máis de 50.000 habitantes». Asimismo, abordouse o estado das auditorías conxuntas co Tribunal de Cuentas e o resto de OCEX: «Medidas de aforro e eficiencia enerxética no ámbito local» e a relativa á «Implantación das Zonas de Baixas Emisións nos concellos de Galicia».

# Mejora de la transparencia y accesibilidad de la información de contratos, convenios y control interno de la Administración Local de Galicia

*El Consejo de Cuentas de Galicia, junto con Tribunal de Cuentas y los restantes órganos de control externo autonómicos vienen de mejorar la información disponible en relación con la información de contratos, convenios y control interno de las 359 entidades locales de Galicia, a través del portal conjunto: https://www.rendiciondecuentas.es/es/consultadeentidadesycuentas/*

Este asunto se trató en la Reunión de la Comisión de Coordinación del Tribunal de Cuentas (TCu) y los Órganos Autonómicos de Control Externo (OCEX) en el ámbito local y en la Comisión de Coordinación de la Plataforma para la Rendición de Cuentas celebrada en la sede del Parlamento de las Aísles Balears. En representación del Consello de Contas de Galicia, asistió el Conselleiro del área de Corporaciones Locales, Simón Rego Vilar.

A través de esta mejora de la información disponible en relación con las entidades locales de Galicia, se podrá consultar no solo la información de las cuentas rendidas desde el ejercicio 2012, sino la relativa a la contratación administrativa, convenios y control interno, y todo ello con el objetivo último de contribuir a la transparencia e información pública de la gestión de las entidades locales de Galicia.

De este modo las personas interesadas podrán acceder con agilidad a todos los contratos y convenios celebrados por las distintas entidades locales de Galicia, agrupados por entidad y a través de una nueva herramienta de búsqueda, así como la información relativa al cumplimiento por la entidad local del deber de remisión de la información sobre el control interno.

Durante la reunión el Consello de Contas de Galicia expuso el estado de situación del Plan de Trabajo del área de Corporaciones Locales del Consello de Conta s(https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2024/Plan_Anual_de_Traballo_Consello_de_Contas_2024.pdf), cuyos próximos hitos en este Área serán la publicación de los «Informes sobre las mancomunidades de Galicia», «II informe único de comunicación de la ciudadanía en relación con irregularidades en la gestión local» y la «Fiscalización de la respuesta a la crisis de la Covid-19 por las entidades locales de Galicia. Ayuntamientos de más de 50.000 habitantes». Asimismo, se abordó el estado de las auditorías conjuntas con el Tribunal de Cuentas y el resto de OCEX: «Medidas de ahorro y eficiencia energética en el ámbito local» y la relativa a la «Implantación de las Zonas de Bajas Emisiones en los ayuntamientos de Galicia».